

PLAN GREA

Plan Global de Recuperación da Economía de Arteixo

Reunidos os representantes das entidades e plataformas máis representativas de Arteixo, que agrupan á meirande parte do pequeno comercio (ambulante e estático), hostalaría e servizos da nosa vila, con especial presenza das axencias de viaxe, deseñamos un plan para reactivar a economía de Arteixo; o Plan Global de Reactivación da Economía de Arteixo. Estas asociacións serían as seguintes: Arteixo Centro Comercial Aberto, representantes do Feirón de Arteixo, pertencentes á Plataforma Galega de Comercio Ambulante e representantes de Arteixo da Asociación Galega en Defensa das Axencias de Viaxes (AGADAV).

O fundamento principal deste plan é garantir o mantemento das empresas e o emprego actual, de forma urxente, e poñer en marcha políticas e programas que permitan a mellora da actividade económica. Algunhas destas medidas son a custe 0, só precisan de xestión por parte do Concello, e favorecerían moito a pronta recuperación das pequenas empresas locais.

Todo o programa está inspirado en medidas postas en marcha noutros Concellos, rexións e incluso noutros países, con grande éxito. A velocidade coa que aparecen axudas dende institucións superiores pode provocar que algunhas destas propostas queden asumidas por elas. Por este motivo, e para mellorar a eficiencia nos recursos públicos, cremos preciso unha coordinación maior entre administracións. De todos xeitos, a situación actual permite que as administracións públicas aumenten os seus orzamentos anuais para levar a cabo medidas de apoio social e económico, como as que propoñemos.

Vivimos nun Concello con grande capacidade económica, cun orzamento anual de 51 millóns de euros para unha poboación de 32.800 habitantes; unha cantidade moi alta comparada con Concellos da nosa contorna (A Laracha 11 millóns para 11.500 habitantes; Carballo 30 millóns para 31.500 habitantes; Culleredo 11 millóns para 30.700 habitantes). É preciso que parte dese orzamento vaia destinado ao mantemento do emprego e o tecido empresarial da vila.

Por estes motivos, establécense medidas en base a 3 criterios:

1. **O URXENTE** - Mantemento das empresas en risco por impedimentos para realizar a súa actividade económica.
2. **A CURTO PRAZO** - Adaptación da actividade económica actual da vila en relación ás necesidades sanitarias.
3. **A MEDIO PRAZO** - Iniciativas de fomento do consumo e do negocio en Arteixo.

1. Mantemento das empresas en risco por impedimentos para realizar a súa actividade económica.

ENFOCADO CARA: empresas que teñen a obriga de pechar ou teñen limitada a súa actividade económica por causa da pandemia. Especialmente hostalaría e turismo; tamén o comercio máis afectado.

A facturación de moitos establecementos baixou dende un 40 a un 95 por cento. En cifras concretas, dependendo moito do tipo de empresa, en Arteixo podemos dicir que un local de hostalaría con empregados deixou de facturar máis de 30.000€, un comercio téxtil máis de 50.000€ e empresas como as axencias de viaxes máis de 350.000€. O beneficio neto en relación á facturación é moi distinto en relación ao tipo de empresa, pero estes datos amosan ás claras a perda de ingresos de moitas familias.

En Arteixo, sumando axudas pola COVID19 de Concello, Xunta e Deputación o importe medio que se entregará neste 1º ano de pandemia a un comercio ou empresa de servizos foi de 6.000€, e para un local de hostalaría, de case 9.000€.

Axudar ao mantemento das empresas, con axudas ligadas á redución da facturación e número de empregados debe ser o primeiro obxectivo deste plan.

MEDIDAS:

1- LIÑA 1º TRIMESTRE 2021.

Axudas municipais para empresas con domicilio fiscal ou local establecido en Arteixo, que sufriron unha **redución dende o 40% da súa facturación de 2020 en relación a 2019.**

A axuda está dividida en tramos en relación á contía da redución de facturación:

- a. 40% - 1.500€
- b. 60% - 2.000€
- c. 80% - 2.500€

Ou no caso de **empresas con comezo de actividade posterior ao 14 de marzo de 2020, obrigadas a peches a 50€ día por día pechado.**

En relación ao número de empregados (asalariados ou autónomos) e á tipoloxía da empresa, aumentaranse os importes do seguinte xeito. Número de empregados (co compromiso de manter os empregos ata xuño de 2021).

- a. 600€ por cada empregado ou autónomo a maiores para empresas de 2 a 7 traballadores.
- b. 450€ por cada empregado ou autónomo a maiores para empresas de 7 a 15 empregados.

En relación á tipoloxía da empresa, atendendo á grave situación destas serían:

- a. 2.000€ a maiores no caso de ocio nocturno.
- b. 3.000€ a maiores no caso de axencias de viaxe.

Esta diferenza vén motivada por non existir aínda axudas específicas para as Axencias de Viaxes, sendo un dos sectores máis castigados dende o 14 de marzo.

Exemplos:

1- *Restaurante cunha redución da facturación dun 60% entre 2019 e 2020, 11 empregados: $2.000+450 \times 10=6.500€$.*

2- *Comercio de roupa cunha redución da facturación do 40% entre 2019 e 2020, 1 persoa autónoma: 1.500€.*

3- *Perruquería cunha redución da facturación do 80% entre 2019 e 2020, 3 empregados: $2.500+600 \times 2=3.700€$.*

4- *Bar con comezo de actividade en 2020 obrigado a pechar 42 días, 3 empregados: $50 \times 42+600 \times 2=3.300€$.*

2- LIÑA 2^o TRIMESTRE 2021.

Axudas municipais para empresas con domicilio fiscal ou local establecido en Arteixo, que sufriron unha **redución dende o 40% da súa facturación do 1^oT de 2021 en relación ao 1^oT de 2019 (ou 2^o trimestre de actividade para empresas de recente creación).**

A axuda está dividida en tramos en relación á contía da redución de facturación:

- d. 40% - 1.000€
- e. 60% - 1.400€
- f. 80% - 1.750€

En relación ao número de empregados aumentaranse os importes do seguinte xeito:

- a. 600€ por cada empregado.
- b. 100€ por cada empregado en ERTE.

Exemplos:

1- *Café-bar cunha redución da facturación dun 60% no 1T de 2021 comparada co 1T 2020, 4 empregados en ERTE: $1.400+600 \times 4=3.800€$.*

2- *Xoiaría cunha redución da facturación do 40% no 1T de 2021 comparada co 1T 2020, 1 empregado en ERTE e 1 activo: $1.000€+100€+600=1.700€$.*

*3- Academia cunha redución da facturación do 80% entre 2019
2020, 4 empregados: $1.750+600 \times 4=4.150\text{€}$.*

Estas medidas propostas teñen unha estrutura similar ás ofrecidas polo Concello de Lugo entre o segundo e terceiro trimestre de 2020, e tamén ás medidas que se están a organizar tanto na Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as que se están a debater no Goberno Central.

ORZAMENTO DAS MEDIDAS: 2.000.000€

IMPACTO: Estímase que haxa unhas 400 empresas que cumpran as características para solicitar estas axudas. Dos sectores de: hostalaría -hospedaxe, ocio nocturno e empresas provedoras-, servizos -como perruquerías e centros de estética, axencias de viaxes ou academias- e tamén os comercios polo miúdo.

Con esta medida asegúrase o mantemento de máis de 1.500 postos de traballo directos durante o primeiro semestre do ano 2021.

2. Modificación da organización da actividade económica actual da vila para permitir o seu mantemento.

ENFOCADO CARA: Feirón e hostalaría especialmente.

MEDIDAS:

1- RECUPERACIÓN DO FEIRÓN DE ARTEIXO.

O Feirón de Arteixo, con 28 anos de historia, ten amosado que é un dos factores clave á hora de dinamizar as actividades comerciais, e tamén sociais, do Concello.

O retorno do Feirón ás rúas de Arteixo, será unha boa nova non só para os vendedores e vendedoras ambulantes, senón tamén para o conxunto da economía do Concello. As sinerxias creadas entre os comerciantes, hostaleiros e venda ambulante obteñen en conxunto un gran beneficio de cara a afrontar a crise sanitaria e económica actual.

Proposta dunha solución definitiva para a realización do Feirón, para non ter que cancelalo se non hai impedimento legal.

Segundo a orde do 26 de xaneiro de 2021 de medidas de prevención COVID 19 en Galicia referidas aos feiróns son:

3.8. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública

1. Non se poderá superar o 50% de postos habituais, ou deberá aumentarse a superficie habilitada.

2. *Manterse a distancia de seguridade interpersoal, 1'5m, ou 1m se hai unha barreira.*
3. *Sinalarse a distancia de seguridade interpersoal entre clientes, con marcas no chan ou mediante o uso de balizas, cartelaría, etc.*
4. *Xel hidroalcohólico a disposición.*
5. *Limpeza e desinfección das instalacións.*
6. *Evitar manipulación do produto por parte dos clientes.*

Estas medidas xa foron postas en marcha en Arteixo. Especialmente as referidas á redución dos postos, aumento da superficie e distancia de seguridade entre postos e persoas. Sen dúbida, os puntos 4, 5 e 6, tarefas dos vendedores, foron implementadas e mantidas dende o comezo da pandemia.

A FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias), nunha carta enviada recentemente a todos os Concellos, solicita a reactivación dos Feiróns, con medidas como "*(...) buscar a maneira de organizar a feira, coa presenza de todos os comerciantes autorizados, sempre que o espazo o permita. No caso de que a ampliación de espazo non sexa posible, reduciríanse o tamaño dos postos nun 20%, para así poder garantir a distancia de seguridade (1,5m)(...)*".

Sabendo, como recolle a FEGAMP, que "*estudios recentes demostran que o contaxio require dun contacto prolongado en lugares pechados e o seu contacto co cliente non supera de media os 5 minutos*".

Aínda así, co fin de poder reactivar o Feirón con protocolos máis estritos que as de calquera outro espazo, propóñense as seguintes medidas que garanten a seguridade das persoas traballadoras e consumidoras:

- a) Como recolle a ORDE do 26 de xaneiro de 2021, apartado 3 do artigo 3.8 recollido máis arriba, propoñemos a delimitación dun percorrido de dúas direccións, estilo carril bici, a seguir polos consumidores, para evitar aglomeracións e cruces entre clientes.
- b) Reforzo de persoal de seguridade privada para evitar aglomeracións e distancias, se o persoal da Policía Local e Protección Civil non é suficiente.

ORZAMENTO DA MEDIDA:

- Persoal de seguridade 1.974.72€ (4 sábados/mes), 4 gardas, 6 horas.

IMPACTO: Recuperación dunha actividade que dá traballo a máis de 200 persoas (máis de 50 postos), e que enriquece a actividade comercial e hostaleira de toda a trama urbana (case 100 establecementos de distintos tipos).

Cunha atracción media de preto de 2.000 persoas cada sábado, e un tiquet medio de 45€ por persoa entre feirón, hostalaría e comercios, o feirón move máis de 90.000 euros cada fin de semana, o que son 360.000€ ao mes.

2- **REORGANIZACIÓN URBANA PARA MELLORAR A ACTIVIDADE COMERCIAL E HOSTALEIRA.**

Estratexia de peonalización provisional, aumento dos permisos de terrazas e bolsas de aparcadoiros.

a. **Peonalización de rúas**

Segundo o plan Novarteixo 2020, unha das principais problemáticas da vila segundo os seus habitantes é a que ten que ver co tráfico:

- **Estacionamento**
- **Accesos**
- **Uso excesivo do vehículo privado**
- **Escaseza de espazos para a mobilidade peonil**

Na actualidade, Arteixo dispón de pouca superficie destinada á mobilidade peonil na súa área urbana. Entendendo que a recuperación de espazos públicos é a vía para que a cidadanía estableza relacións sociais e de goce do entorno, e con esta estratexia no horizonte, a situación de pandemia actual debería impulsar o aumento da rede de vías peonalizadas de forma provisional, de tal forma que garanta o cumprimento das medidas de distancia social.

A peonalización mostrouse como moi positiva en moitos niveis: tanto a nivel social, como sanitario, coma económico. As intervencións rápidas feitas á calor da pandemia nun grande número das vilas e cidades xa non só de Galicia, senón de Europa, rematou cun saldo positivo pois permitiu desenvolver actividades ao aire libre que non estaban permitidas en espazos pechados. Dende A Coruña a Manhattan habilitáronse rúas de gran tránsito de vehículos para actividades como establecer terrazas ou permitir que ximnasios impartisen as clases que no interior non podían desenvolver.

Peonalizar algunhas das rúas centrais do núcleo urbano permitirá á cidadanía ter maior espazo para mobilidade peonil, garantindo as medidas de distancia social. **Esta peonalización, que é provisional, pode ademais funcionar como proxecto piloto para estratexias futuras municipais do PMUS, que propón o modelo urbano de supermazá.**

A avenida do Balneario é a única vía actualmente peonalizada da area urbana, e non cose o seu entramado coa praza do Balneario, centro neuráxico das actividades sociais do núcleo.

A proposta é crear unha rede de vías peonalizadas que suturen os diferentes espazos do centro, atendendo a unhas prioridades específicas:

- Concentración de locais de hostalaría.
- Redución de impacto nos percorridos de tráfico.
- Actuacións de sinalización, sen obras.

Atendendo á realidade diaria do núcleo, a peonalización sería planificada en dous tempos:

- a) Peonalización provisional diaria da Avenida dos Bosques.**
- b) Peonalización provisional en fins de semana e festivos das rúas aledañas para coser o centro urbano.**

A Avenida dos Bosques, que conecta a avenida Fisterra co paseo do Balneario, é unha das vías non peonís que concentran unha maior cantidade de locais de hostalaría, 8, ademais de ser unha vía de ancho suficiente como para permitir o paseo en condicións de seguridade.

Nas fins de semana e días festivos, a ampliación da peonalización ás rúas Ría de Noia, Ría de Vigo e Ría de Pontevedra permitiría a conexión peonil do centro urbano, podendo respectar as medidas de distanciamento sen restrinxir o paseo ao ámbito único da beirarrúa.

b. Aumento do espazo para terrazas

Propónse a posibilidade de abrir un tempo de polo menos dous anos durante os cales os establecementos hostaleiros sen acceso a zona peonil poidan establecer as súas terrazas en prazas de aparcadoiro da calzada, sempre que se implanten as medidas de seguridade necesarias para poder compatibilizar o uso coas vías de tránsito de vehículos.

Deste xeito, a reactivación da hostalaría mediante a posibilidade de aumentar os seus espazos exteriores faise extensible a todo o Concello de Arteixo.

Un exemplo é a Travesía de Meicende, onde se podería garantir a ampliación dos espazos de terraza sen ter que invadir as beirarrúas. Para estas instalacións, enténdese que sería precisa unha liña de subvencións, como a **IG524E Axudas para a instalación, reforma e adaptación das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración** da Xunta de Galicia, para a colocación destas terrazas e a implantación das medidas de seguridade necesarias.

ORZAMENTO DA MEDIDA:

- Practicamente 0€, pois non esixe ningún tipo de transformación do espazo, só a sinalización das medidas.

IMPACTO: Recuperación dunha actividade que da traballo a máis de .

c. Zonas de aparcamento disuasorio nos terreos baldíos privados do núcleo de Arteixo

Como compensación ás medidas de peonalización provisional das rúas centrais do núcleo urbano, é preciso o establecemento de novas zonas de aparcadoiro.

Sendo a solución dos aparcadoiros un dos obxectivos estratéxicos do futuro PMUS, como medida a curto prazo propónse que poidan ser utilizadas parcelas e soares baleiros no perímetro do centro urbano, mediante convenios que permitan o uso destas parcelas como espazos públicos de aparcadoiro provisionais.

A maiores da bolsa de aparcadoiro existente na rúa Ría de Vigo e a Avenida do Balneario coa rúa Baldomero González, poderíase aumentar a superficie nos seguintes soares:

- Rúa Ría de Vigo - rúa Eugenio Carré
- Rúa Otero Pedrayo - Rúa Ría de Vigo - Rúa dos baños
- Camiño dos Cabalos - Rúa Río Miño - Rúa dos Baños
- Camiño dos Cabalos - Rúa Río Tambre

d. Liña de subvencións para a colocación de terrazas en zonas de tránsito de vehículos.

No caso de non poñerse en marcha as medidas previas antes do 1 de marzo de 2021 (data na que remata a liña de subvencións IG524E da Xunta de Galicia), o Concello debería poñer en marcha unha liña de subvencións para instalación de terrazas, similar á da Xunta, pero cuns importes menores, tanto de máximo (en lugar de 20.000€, serían 5.000€) e de mínimo (dende 500€ en lugar dos 1.500€ da Xunta).

ORZAMENTO DA MEDIDA: 80.000€.

IMPACTO: Un local de hostalaría que non dispón de terraza estivo pechado 32 días máis que un local con terraza.

Ademais, o seu aforo dende o comezo da desescalada de maio foi dun 35%, mentres que o aforo dun local con terraza foi dun 43%.

A medida beneficia a máis de 40 establecementos, o que podería supoñer máis de 300 empregos en Arteixo que se manteñen, ou mesmo novos postos que se creen cando os aforos volvan ser do 100%.

3. Mellora da actividade económica, competitividade e fomento do negocio.

ENFOCADO CARA: Todo o tecido económico da vila.

MEDIDAS:

1- Inclusión dunha partida de 900.000€ para actividades de dinamización económica da vila nos orzamentos do Concello de Arteixo de 2021.

É preciso que dende o Concello de Arteixo se leven a cabo iniciativas de dinamización comercial non ligadas exclusivamente a eventos culturais e festivos da vila (entroido, festas de Arteixo ou 1900), que reforcen o traballo das asociacións de comerciantes e hostaleiros da vila no seu intento continuo de atraer e manter a clientes potencias. Sorteos, feiras, actividades culturais, de ocio, de promoción gastronómica ou de fomento do consumo mellorarán a actividade económica das PYMES de Arteixo. E para iso é preciso un orzamento propio e con tamaño suficiente para poñer en marcha iniciativas deste tipo.

2- Estratexia de incremento do turismo nacional a Arteixo.

Entre as distintas actividades que se poden levar a cabo -neste caso, a traballar xunto á Concellería de Turismo-, está a da creación dunha estratexia para atraer o turismo nacional a Arteixo durante os próximos anos (especialmente en verán). Algunhas das iniciativas que propoñemos son:

- a) Organización de campañas publicitarias de cara a verán, dando a coñecer os servizos, actividades e aloxamentos da vila.
- b) Creación da marca Arteixo para o fomento da gastronomía, turismo e comercio locais.
- c) Posta en marcha de actividades de turismo de aventura e natureza (BTT, surf, sendeirismo, etc.) para atraer un turismo non masificado e de alto valor engadido.

3- Organización dun programa de incentivo do consumo hostaleiro, comercial e turístico a través de bonos ás compras.

Moitos Concellos do país levan realizando no último medio ano, programas de incentivos ao consumo a través de bonos, tarxetas ou vales. Deste xeito non só conseguimos axudar aos establecementos, senón tamén ós e ás veciñas da nosa vila. E reactivamos a economía, o que xera postos de traballo e pago de impostos que retornan ás arcas públicas.

Iniciativas coma os Bonos Comercio Navidad 2020 do Ayuntamiento de Logroño, o Euskadi bono-comercio / Euskadi bono-denda, do goberno de Euskadi, ou o bono Sempre Carballo, do Concello de Carballo, o plan Reactiva Vilalba do Concello de Vilalba ou O Plan de reactivación económica e social da Coruña, centradas en ofrecer aos veciños e veciñas un desconto nas súas compras no pequeno comercio e hostalaría locais, derivando deste forma clientes ás tendas da propia vila e facendo que se coñezan mellor os distintos establecementos.

Todas estas iniciativas foron moi ben recibidas por parte de consumidores, empresas e institucións, xa que provocan un movemento económico na vila que, dependendo de como se organiza, chega a cuadruplicar a inversión feita.

Con aproximadamente 300 pequenos establecementos hostaleiros, do sector do comercio polo miúdo, perruquerías e outros servizos en Arteixo, e 32.738 habitantes, **cun investimento nunha campaña deste tipo de 700.000€ (30€ por habitante), potencialmente pódese xerar un movemento de 2.800.000€.**

4- Creación dun sistema municipal de reparto a domicilio, especialmente para comercio de alimentación e hostalaría.

Dende comezos da década pasada, o comercio online creceu dunha forma exponencial. Durante a pandemia viuse acelerado como nunca antes. Isto provocou que moitos establecementos asumiran a necesidade de diversificar as súas canles, pero sen ter capacidade para facerse cargo da loxística ou da promoción dixital. O comercio electrónico non ten que ser sempre orientado para a venda en competencia global. Moitos pequenos establecementos non sobrevivirían se tiveran que competir por prezo co mesmo produto que grandes distribuidoras comerciais ou incluso os propios provedores.

O comercio electrónico ten saída para o pequeno comercio de distribución e a hostalaría se funciona coma unha canle máis de venda para o seu público de proximidade. Un servizo km0.

Para que unha iniciativa así saia adiante debe nacer dunha entidade forte capaz de poñer a infraestrutura e os medios para facela funcionar e mantela. Unha empresa pública local, ou un modelo similar. Deste xeito poderemos ofrecer un servizo e unha viabilidade económica non só ao tecido local, senón tamén á veciñanza, particularmente do rural.

5- Bonificación do IBI dos baixos comerciais con actividade e para os que baixen o aluguer aos comercios establecidos.

Unha forma para axudar a crear tecido económico na vila e tamén para manter o actual, é reducir durante estes próximos dous anos os impostos e taxas municipais.

No ano 2019, o Concello de Arteixo fixo unha modificación da ordenanzas fiscais número 1,2 e 4: IBI, IAE, e ICIO, pola que bonificaba ata o 95% do IBI a aquelas empresas que *desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego.*

De forma similar, comercio, servizo e hostalaría deberían ter esa bonificación do IBI sempre e cando estean ligados a:

- 1- Unha explotación económica directa do propietario do local.
- 2- O aluguer para unha nova explotación, no caso de locais baleiros durante máis de 6 meses.
- 3- Á redución do aluguer vixente, no caso de locais actualmente ocupados.

6- Mellora da iluminación da vila.

Para poder facer as rúas comerciais atractivas, é preciso que ademais de peonalizalas, se mellore a súa iluminación. Moitas das rúas da vila, como a Avenida dos Bosques, teñen un alumeadado escaso, con farois vellos e só nun lado da senda.

Instalar un alumeadado público eficiente e suficiente fará das nosas rúas comerciais espazos máis atractivos, e das nosas rúas en xeral, espazos máis seguros.

ORZAMENTO DAS MEDIDAS: 1.600.000€.

IMPACTO: A mellora da actividade económica da vila terá un impacto directo en toda a veciñanza. A dinamización, o fomento do consumo, a promoción turística, a creación dunha rede de venda a distancia ou a mellora dos espazos públicos e comerciais fará que as empresas de Arteixo traballen mellor, e estean en disposición de contratar máis traballadores. Isto fará que as nosas empresas precisen menos axudas públicas, pois as súas contas estarán máis

PLAN GREA

Plan Global de Recuperación da
Economía de Arteixo



saneadas. Será unha inversión que en moi pouco tempo retornará
ás arcas públicas.

Asinan estas medidas:

Directiva do
Arteixo Centro Comercial Aberto

Representantes en Arteixo da
Plataforma Galega de Comercio Ambulante

Representantes da
Asociación Galega en Defensa das Axencias de Viaxes